

# ABRACA DABRA

**ESPELLO, ESPELLIÑO**

**PASATEMPOS**

**QUEN O DIRÍA...**

**QUE HAI DE NOVO?**



**Deputación  
DA CORUÑA**

BIBLIOTECA INFANTIL E XUVENIL

## ESPELLO ESPELLIÑO

Ola! Onde estades? Necesito falar con alguén! Ah! Xa chegastes. Menos mal. Que que me pasa? Que vai ser? O meu irmán que está insoportable. Xa sabedes que este ano acaba o instituto, e claro, xa está a pensar na festa de graduación. Si, que me ides a contar... todo moi americano... En fin, o caso é que parece Cincenta en plan que vou poñer para ir ao baile... Podédelo crer? Pero é que ademais, non é o único!!! Mínimo na súa clase están todos igual, sen diferenzas de xénero. Que se o traxe ou o vestido, que se o peiteado, que se os zapatos, maquillaxe... Unha tolemia! A que se debe todo isto? Que é o que nos leva a comportarnos así? E digo comportarnos porque se se trata dunha conduta tan xeneralizada, non estou libre de que tamén me pase a min. Así que é urxente que atope o por que para non caer no mesmo abismo.


Todo isto levoume a buscar que é o que está no fondo desta maneira de proceder, e de súpeto, vinme no reflexo dun espelliño máxico no que lle preguntaba unha malvada bruxa: "espello, espelliño, quen é a máis bela do reino?" Iso é. Aí, escondido na maneira de actuar do meu irmán, está o clásico concepto de beleza. Un concepto tan antigo, que xa no Exipto dos faraóns, contábase cos primeiros canons de beleza. Eses canons mostraban que obxectos, persoas ou edificacións tiñan a calidade de beleza. O que me leva a preguntar se os devanditos canons se basean en calidades das cousas en si, tales como proporcións, simetrías, harmonía nos trazos,... ou pola contra, se basean en gustos do momento social, cultural, temporal... en que se estableceron, a partir dos trazos que compartían todas as cousas e/ou persoas que se consideraban belas. Aínda que... pensándoo ben... non é o mesmo?... Á fin e ao cabo, por que considerar unhas proporcións, simetrías,... belas e outras non? Ou, seica nacemos cunha predisposición cara a certos gustos? Está a famosa proporción áurea, descuberta por Leonardo Pisano (máis coñecido como Fibonacci), presente en toda a natureza, detrás da nosa percepción de beleza? Temos gravado no noso interior que a proporción, a harmonía das formas e as simetrías son trazos de saúde e por iso nos parecen belos? Entón, a época na que vivimos non inflúe nos nosos gustos? Seica, a estética dos corpos, non pasou, ao longo da historia por épocas de pel branca ou bronceada, peitos grandes ou pequenos, cadeiras anchas ou rectas...? Tantas preguntas para, ao final, volver ao momento de partida!!!

E, así, coma se do ciclo da vida se tratase, retornamos ao eterno dilema de cal é a porcentaxe entre o que aprendemos e co que nacemos...

Que maneira tan sutil ten a vida de permitírnos que nos adaptemos aos cambios! E, con todo, ese mesmo beneficio, pode, en ocasións, resultar un prexuízo... Vale, estoume poñendo un pouco en plan drama, pero xa veredes como nun intre pensades coma min... Lembrades as neuronas espello? Si, esas neuronas que entre outras cousas, nos axudan a aprender condutas doutras persoas a través da imitación. Algo moi importante na aprendizaxe infantil. Así como a contaxiarnos das emocións dos demais, como a risa ou o pranto, cousa que nos achega e nos une. Estes dous feitos foron importantísimos nos comezos da humanidade para a supervivencia como especie. Pero, coidado, porque iso mesmo é o que nos converte en presa fácil das modas e de quen as controla. Como dixo Hannibal Lecter en "O silencio dos cordeiros": "Acabamos desexando o que vemos a diario", e hoxe en día, coa televisión, valos publicitarios, as redes sociais, as influenciadoras,... se non temos moitísimo coidado, acabamos sendo arrastrados, sen sequera darnos conta, a desexar o que teñen os demais, a ser como eles e elas pero un pouco máis, a vivir nunha constante carreira que nos esgota física e psicolóxicamente e a sufrir se non conseguimos achegarnos a esas modas que parecen dominarnos.

Ao final vai ser verdade que somos robots preprogramados pola natureza, e quen coñeza como funciona esa programación pode modificala ao seu antollo para o seu beneficio... Isto dá máis medo que una desas historias de ciencia ficción! Ahhh! Que tarde é! Teño que despedirme, pero antes, lembre que, como dicía Antoine de Saint-Exupéry: "Para ver claro, basta con cambiar a dirección da mirada."

Vémonos no próximo número.



# PASATEMPOS

E, aquí están os **CHISTES** máis esperados para rir a esgalla. Non esquezades que podeades compartir con nós os vosos chistes preferidos e publicarámoslos no seguinte número da vosa revista Abracadabra.

- ¿A qué velocidade escribes a máquina?
- Me pongo a 500 pulsaciones por minuto
- ¡Madre mía, sí que te pones nervioso!

¿Qué hace una abeja en el gimnasio?  
Zumba

¿Cuál es el mejor portero del Mundial?  
¡El de Para-guay!

Atopade as **7 DIFERENZAS** neste florido xardín...  
se sodes capaces...



Se acerca tu cumpleaños. ¿Quieres que te regale un audiolibro?  
— El audi, el audi.

¿Qué hace un mudo bailando?  
Una mudanza.

—¿Sabes qué pasa hoy con internet?  
— Se ha caído un servidor.  
—¡¿Te has hecho daño?!


E agora, propoñémosvos que atopedes 7 tipos de flores que están escondidas nesta **SOPA DE LETRAS**.

I	E	S	A	T	O	D	R	N	A	U
S	M	O	E	A	M	I	A	Z	C	B
O	M	A	R	G	A	R	I	D	A	R
P	E	H	P	I	D	O	Q	U	F	I
A	X	U	R	O	I	S	E	T	O	N
M	O	Ñ	I	T	U	A	U	B	R	I
E	R	A	L	U	S	L	I	R	I	O
A	T	E	L	O	I	V	A	I	S	U
D	U	L	E	P	T	E	N	O	E	Ñ
I	S	U	A	R	E	F	A	D	R	A
P	O	N	Z	I	H	A	G	E	I	S



**N**avegando pola rede, atopamos algunhas cousiñas sobre a historia da moda que pensamos que vos parecerán, como mínimo curiosas:

Sabiades que, ata o século XIX, os zapatos non se diferenciaban entre esquerdo e dereito? Pois si. Antigamente, os zapatos de ambos os dous pés eran iguais!!! E por tanto intercambiabes. Interesante, non si?



Outro dato curioso é que no século XV, as mulleres embarazadas estaban de moda. Tanto era así, que moitas mulleres puñan unha almofada debaixo da roupa para parecelo... Increíble? Pois esperade... Pasado o tempo, no século XIX, as mulleres cambiaron a almofada polo xustillo, que utilizaban para potenciar a súa beleza... Non vos parece rechamante que se pasara dun extremo ao outro?



E, para rematar, que vos parecen os botóns nas mangas das chaquetas? Pois, aínda que pensedes que non serven para nada, nos seus inicios tiveron un propósito moi hixiénico... De feito, foi o mismísimo Napoleón, quen mandou poñer botóns nas chaquetas militares para evitar que os seus soldados limpasen os mocos coa manga. E, é que a grandes males, grandes remedios, ou como diría a miña avoa, para mostra un botón...

Iconos de Smashicons en Flaticon: <https://www.flaticon.es/autores/smashicons>

## SOLUCIÓNS DOS PASATEMOS

### 7 DIFERENZAS



### SOPA DE LETRAS

Lirio, mapoula, margarida, nardo, rosa, tulipán, violeta

								N		
	M							A		
	M	A	R	G	A	R	I	D	A	
			P		D	O				
				O		S		T		
					U	A	U			
						L	I	R	I	O
A	T	E	L	O	I	V	A			
				P						
			A							
		N								

## QUE HAI DE NOVO...?

\* **CELEBRACIÓNS.** Nestes meses na Biblioteca temos unha chea de celebracións: en abril, o **2 de abril "Día internacional do libro infantil"** e o **23 "Día do libro"**. En maio, o **17 "Día das Letras Galegas"**. Haberá talleres para todas as idades. Esperámosvos!

\* **XII CONCURSO "#140ENPOSITIVO"** Buscamos mensaxes positivas que nos impulsen e melloren no noso día a día, palabras de ánimo e apoio para compartir e animar a diferentes idades. **Dúas categorías: de 9 a 13 anos e de 14 a 17 anos.** Podes participar deixándoa na Biblioteca ou nas nosas redes sociais. **Infórmate na Biblioteca.**

\* **OBRADOIROS DE PINTURA.** En vacacións de verán contamos con organizar, un ano máis, os talleres de pintura impartidos por Luísa Valdés. Escolle unha semana das vacacións en **horario de 11:00 a 13:00 h.** Comezará o prazo de inscrición no mes de xuño. **Infórmate na Biblioteca ou consulta na páxina web no apartado de actividades.**

\* Faite colaborador/a da nosa revista **ABRACADABRA.** Esperamos as túas recomendacións de libros, trabalinguas, chistes, relatos, adiviñas... déixaas na Sección Infantil Xuvenil ou envíaas ao noso correo **biblioteca.infantilxuvenil@dacoruna.gal** e publicarémolas no próximo número da revista.

Lembrámosvos que tamén estamos na rede:

